



Problema676: Cando a unha disolución acuosa de cloruro de magnesio engádeselle outra de hidróxido de sodio, fórmase un precipitado branco. A continuación, se se lle engade unha disolución de ácido clorhídrico, o precipitado disólvese. Explica estes feitos, escribindo as reaccións correspondentes a ambos procesos.

a)




Cando temos estes catro ións na mesma disolución pódense combinar para dar MgOH e NaCl. O cloruro de sodio é un sal soluble como todos os dos alcalinos, por tanto o precipitado branco debe ser o hidróxido de magnesio.




b)

Se engadimos ácido clorhídrico este cede ions oxonio á disolución:



Os ións oxonio consomen ións hidróxido da disolución no equilibrio de formación de auga:



Por tanto no equilibrio:



se se consomen ións hidróxido para formar auga o equilibrio desprazarase cara aos produtos para repoñer os ións hidróxido segundo o Principio de Le Chatelier, polo cal o hidróxido de magnesio irase disolvendo.